



TESTAMENTO

aos meus fillos
aos fillos dos meus fillos

Aos meus queridos fillos.

Ó meu fillo Xan, con todo o meu amor, deixolle un **aumento medio da temperatura en España de entre 3 e 4 °C**, primaveiras e outonos máis curtos e no verán frecuentes ondas de calor.

Tamén lle deixo secas máis a miudo, pouca neve, as miñas fotos de glaciares desaparecidos e unhas altas probabilidades de que se produzan **fortes tempestades e inundacións** en outono.

A miña filla María, a nena dos meus ollos, **as terras baixas cubertas polo mar de Doñana e o Delta do Ebro** e a casa na praia si é que aínda non subiu moito o nivel do mar. Ademais cédolle os **arrecifes de coral ameazados** debido ó aumento do nivel do mar e ó incremento da temperatura da auga mariña.

Ó meu fillo Pablo, todo o meu legado agrícola, é dicir, unha **alarmante diminución do rendemento das colleitas** no sur de Europa debido ás altas temperaturas e as secas. Así gozará de períodos máis acelerados de desertificación, erosión e deforestación.

A Sara, a pequena, a **extensión de enfermidades** como a malaria e o dengue como consecuencia da proliferación de mosquitos pola ausencia de xeadas que os limiten.

E para que o compartan todos como bos irmáns, tamén lles deixo unha **masiva desaparición de especies**. Entre un 9 e un 52% das especies do planeta non poderá adaptarse ás subidas da temperatura e extinguiranse.

Aínda estás a tempo de cambiar a herdanza que lles deixas ós teus fillos. Axudanos a loitar contra o cambio climático.

WWF/Adena